

κοινωνία καὶ ἀρχαί
ἐν ταῖς
ἐλληνικαῖς πόλεσι

SOCIEDADE E FORMAS DE GOVERNO NAS *POLIS* GREGAS

Como acontecía en todo o Mundo Antigo, a sociedade grega baseábase na desigualdade, que era asumida por todos: fronte a unha clase que disfrutaba de plenitude de dereitos, existían outros grupos en situación de inferioridade. Ademais, o salto dunha clase a outra era moi difícil. O esquema social da Atenas do s. V a.C. serve de exemplo:

πολίτης

O cidadán é un varón libre (están excluídas as mulleres), maior de 18 anos e fillo de pais atenienses, con dereitos e obrigas: participar na vida pública e prestar o servizo militar. O seu modo de vida baséase na propiedade de terras

μέτοικος

O meteco é un estranxeiro libre, que non participa no goberno da πόλις pero paga impostos (ás veces esíxelle o servizo militar). Nas súas relacións co goberno precisa dun cidadán como patrocinador. Son artesáns e comerciantes

δοῦλος


O escravo (a maioría eran prisioneiros de guerra) non ten dereitos e é considerado un obxecto. O de peor condición é o escravo espartano (ilota, εἰλώτης). Pode ser liberado, pero non obtén dereitos cívicos

Como sabemos, a antiga Grecia non tivo unidade política: era un mosaico de cidades independentes unhas das outras que coñecemos co nome de πόλις. Este feito tivo dúas consecuencias desde o punto de vista da súa forma de goberno:

1. Cada unha das πόλεις coñeceu os seus propios sistemas de goberno, pasando moitas delas por diferentes fases.


2. Algunhas πόλεις, en virtude do seu éxito económico e militar, exerceron influencia, moitas veces interesada, sobre outras, que adoptaron os sistemas políticos das primeiras.





A forma de governo espartana, de carácter fortemente militar, case non variou desde o seu establecemento no s. VII por Licurgo, pasando pola súa época de esplendor (403-371 a.C.), ata a súa decadencia, na segunda metade do s. IV a.C. Por iso o sistema chegou a ser chamado εὐνομία ("bo goberno") por moitos contemporáneos

ESPARTA



A RHETRA ESPARTANA

2 REIS
(diarquía)

Xefatura do
Exército


5 ÉFOROS

Poder executivo
Poder xudicial

XERUSÍA

(Consello de 28
anciáns máis os 2
Reis)

Poder lexislativo
Poder xudicial



elixe

APELLA ou Asemblea de cidadáns

Elaboración de proxectos de lei

Decisión sobre a guerra e a paz

Escravo castigado



Estatua de Leónidas



Ruínas de Esparta

Non debemos pensar que a *Apella* estaba aberta a todo o mundo. Quedaban excluídos os seguintes grupos, que non eran suxeitos de dereitos:

1. As mulleres e os menores.

2. Os periecos ou residentes de orixe extranxeira.

3. Os ilotas: os orixinarios das rexións de Laconia e Mesenia, minguados nos seus dereitos polos espartanos á súa chegada desde o norte da península grega, e que debían traballar a terra para os seus amos.

Pola contra, Atenas evolucionou desde formas monárquicas (s. XI-X a.C.), a oligárquicas (s. X-VI a.C.), pasando por unha tiranía (s. VI a.C.), ata o modelo de democracia instaurado por Clístenes e encarnado por Pericles, que decaerá a finais do s. V a.C.



ATENAS

A DEMOCRACIA ATENIENSE



A democracia ateniense estaba pensada para que todos os cidadáns, polo menos unha vez na súa vida, participasen na xestión pública. Por outra parte, ademais das institucións que xa vimos, existían outras tres que encadraban o cidadán social e xeograficamente: a *fratría*, o *demos* e a *tribu*

φυλή

cada tribo (había 10) elixía os seus propios maxistrados, que xestionaban os seus bens comúns

100 distritos, con cada seu demarco (especie de alcalde)

δῆμος

φρατρία

asociación de familias